

COMPARECENCIA NO SENADO DO DIRECTOR XERAL DO SEPE

O SEPE continúa en colapso mentres o seu director xeral presume de xestión

O director xeral do SEPE, Gerardo Gutiérrez, vén de anunciar no Senado o pasado martes 23 de outubro, a incorporación de 1.369 novos funcionarios e funcionarias ao organismo, presentando esta medida como a solución aos problemas que arrastra o servizo público de emprego. Desde a CIG queremos denunciar que esta propaganda non pode agochar a realidade: **o SEPE segue en situación crítica, cun persoal desbordado, oficinas colapsadas e unha atención á cidadanía cada vez máis deteriorada.**

Un incremento insuficiente e tardío

Vender como un éxito o reforzo de persoal, cando o propio Ministerio reconece que o SEPE conta hoxe con 8.413 traballadores e traballadoras, e que tras as novas incorporacións apenas chegará aos 9.140. Isto supón un aumento ridículo, dun 11%, moi lonxe dos **12.000 empregados que os sindicatos estimamos necesarios** para garantir un funcionamento digno e un servizo público de calidade.

O problema non é de agora: **anos de recortes e a chamada taxa de reposición cero (2011–2018)** deixaron unha estrutura esgotada e envellecida. O actual Goberno, en lugar de planificar unha recuperación real do emprego público, limítase a pequenas operacións de maquillaxe que non chegan nin a cubrir as xubilacións que se producen cada ano.

O colapso continúa nas oficinas

A realidade é que **centos de oficinas seguen sen poder ofrecer citas previas** e moitas permanecen practicamente pechadas por falta de persoal. Hai traballadores que teñen que asumir o labor de dúas ou tres persoas, mentres a presión asistencial aumenta e a cidadanía se desespera por tramitar unha prestación. O propio Defensor do Pobo leva dous anos advertindo das “deficiencias graves” do sistema de atención,

tanto presencial como telemática, sen que o Ministerio nin o SEPE foran quen de poñerlle remedio.

A dixitalización non pode ser unha escusa

Desde a dirección do SEPE fálanse de modernización e de novos sistemas como **ALMA ou ZEUS**, mais a experiencia demostra que estas ferramentas, lonxe de mellorar o servizo, **acumulan fallos e caídas constantes** que empeoran a atención e multiplican o traballo do persoal. A dixitalización non pode servir de coartada para seguir reducindo efectivos nin para **excluir ás persoas maiores ou con menos competencias dixitais**, que son quen máis precisan dunha atención pública e presencial.

O SEPE, un servizo público esencial, non unha empresa de xestión

A CIG lembra que o SEPE cumpre unha función social esencial: garantir o dereito ás prestacións das persoas desempregadas e coordinar políticas activas de emprego. Trátase dun **servizo público básico que debe ser reforzado, descentralizado e humanizado**, non dunha empresa tecnocrática subordinada á lóxica da xestión contable.

Por iso esiximos:

- **Un plan extraordinario de emprego público** que eleve o cadro de persoal ata niveis suficientes.
- **A cobertura inmediata das vacantes e baixas**, especialmente nas oficinas con maior saturación.
- **A revisión dos sistemas informáticos**, priorizando a fiabilidade e o apoio técnico ao persoal.
- **Unha atención presencial garantida**, que non exclúa a ninguén.

O SEPE non precisa propaganda, senón recursos, planificación e vontade política para recuperar a dignidade do emprego público.

Galiza, 24 de outubro do 2025